

**PROTECCIÓN DE DATOS.-** Para os efectos previstos no artigo 5 da Ley orgánica 15/1999, do 13 de decembro (BOE do 14-12-1999), de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos consignados neste modelo serán incorporados ao ficheiro xeral de afiliación, regulado pola Orde do 27-07-1994. Respecto dos citados datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na indicada Lei orgánica 15/1999.

## INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR OS MODELOS TA.0825/1/2A/2B/03-G

### XERAIS

- O documento deberá cubrirse á máquina ou con letras maiúsculas, sen emendas nin riscos.
- Os espazos sobre fondo gris debe cubrilos a Tesourería Xeral da Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña.

## ESPECÍFICAS

### 1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (cubriranse en todos os casos)

- 1.1 Tipo de documento identificativo:** marque cunha "X": documento nacional de identidade -DNI-, tarxeta de estranxeiro ou pasaporte.
- 1.2 Número de documento identificativo:** indícase o número do documento identificativo. Se se trata da tarxeta de estranxeiro, anótase o número de identificación de estranxeiro (NIE).
- 1.3 Domicilio:** farase constar o domicilio de residencia habitual da persoa interesada e o seu número de teléfono. As denominacións do nome da vía pública e do municipio/entidade de ámbito territorial inferior ao municipio anótanse completas.
- 1.4 Datos telemáticos:** a anotación destes datos supón a aceptación de comunicacións informativas da Seguridade Social.
- 1.5 Socios:** selecciónase se o traballador está comprendido nalgún dos tipos de sociedade do despregable:
  - COOPERATIVA DE -TRABALLO ASOCIADO: cubrirose, así mesmo, o apartado 9 da declaración, datos de identificación da sociedade e os apartados que correspondan (Folla 3/3).
  - SOCIEDADE COLECTIVA OU COMANDITARIA: cubrirose, ademais, o apartado 9 da declaración, datos de identificación da sociedade e os apartados que correspondan (Folla 3/3).
  - COMUNIDADE DE BENS: cubrirose, ademais, o apartado 9 da declaración, datos de identificación da sociedade e os apartados que correspondan (Folla 3/3).
  - SOCIEDADE MERCANTIL CAPITALISTA: indícase se é SOCIO TRABALLADOR, ou de ser o caso, SOCIO/MEMBRO DE ORGANOS DE ADMINISTRACIÓN da SOCIEDADE MERCANTIL e iniciou a prestación de servizos remunerados ou os servizos de dirección e/ou xestión para a sociedade (Folla 3/3).

### 2. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE

- 2.1 Causa da baixa/variación de datos:** se se trata dunha solicitude de **baixa**, indícase a causa da dita baixa. No suposto de **variación de datos** indícase brevemente a súa causa e indícase, ademais, a dita variación no/s apartado/s correspondente/s da solicitude. O resto dos apartados non se cubrirán, excepto, para efectos identificativos: apelidos e nome, número de documento identificativo e número da Seguridade Social.
- 2.2 Documento nacional de identidade (DNI), número da Seguridade Social (NSS), razón social, código de identificación fiscal (CIF) ou código de conta de cotización (CCC) da persoa sucesora da actividade:** anótase, de ser o caso, o identificador da persoa sucesora do negocio ou explotación comercial.

### 3. DATOS RELATIVOS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL

- 3.1 Actividade económica:** indícase a actividade económica á que se dedica principalmente o traballador autónomo. **IAE:** indícase a clave do imposto de actividades económicas.
- 3.2 Domicilio:** indícase o domicilio -e teléfono- onde se realiza a actividade.
- 3.3 Nome da embarcación:** consígnase completo o nome oficial da embarcación prescindindo de preposicións ou partículas no caso de que o espazo non fose suficiente.
- 3.4 Identificador da embarcación:** consígnase o identificador da embarcación especificando o número de identificador do barco (NIB).

#### 4. COBERTURA DOS ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS

- Indicarase a entidade de accidentes de traballo e enfermidades profesionais coa que se formalizou a cobertura das continxencias profesionais.

**4.1 Cobertura IT CC:** marcarase cunha "X" a entidade (mutua ou ISM) de cobertura de incapacidade temporal de continxencias comúns unicamente no caso de estar incluído o traballador nos grupos de cotización 2A ou 2B.

**4.2 Opción de cesamento de actividade:** indicarase se o traballador opta ou non pola cobertura de protección por cesamento de actividade.

#### 7. DATOS PARA A DOMICILIACIÓN DO PAGAMENTO DE COTA

Mediante a domiciliación do pagamento de cotas a Tesourería Xeral da Seguridade Social efectuará unha orde de cargo ao seu banco ou caixa para o pagamento das súas cotizacións en período voluntario.

Esta domiciliación só é válida para o pagamento das cotizacións en período voluntario e regularizacións por variación dos tipos ou bases regulamentarios, nunca para o pagamento de atrasos.

O seu banco ou caixa cargaralle o importe na conta que vostede indique, e será o último día do mes a data na cal precisa ter a provisión necesaria de fondos.

O Instituto Social da Mariña informarao do primeiro mes que lle será cargado na conta, e vostede está obrigado ao pagamento das cotas mensuais anteriores a tal mes mediante o boletín de cotización correspondente que lle será facilitado polo Instituto Social da Mariña.

#### 8. DECLARACIÓNS E CERTIFICACIÓNS

- Cubra a declaración ou certificación correspondente.

#### 9. DECLARACIÓN PARA O TRABALLADOR COMPRENDIDO NALGUNHA DAS SOCIEDADES SEGUINTE

##### - Identificación da Sociedade

Se a sociedade está inscrita na Seguridade Social e, en consecuencia, ten asignado un código de conta de cotización principal, indicarase o CCC PRINCIPAL, CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL e RAZÓN SOCIAL desta.

Se a sociedade non está inscrita na Seguridade Social, indicarase o CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL e DATOS DE CONSTITUCIÓN desta se se trata dunha sociedade que deba inscribirse en rexistros de carácter mercantil. En caso contrario, unicamente se anotará o CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL e a RAZÓN SOCIAL.

#### DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR

- **Documento identificativo da persoa solicitante** (documento nacional de identidade, tarxeta de estranxeiro ou pasaporte, segundo o caso). No suposto de variacións de datos contidos no anterior documento deberase presentar o orixinal que acredite tal variación.
- Orixinal e copia do permiso de traballo ou certificación da excepción ao citado permiso, nas altas de traballadores de nacionalidade estranxeira que precisen tal permiso de traballo.
- Orixinal e copia de calquera documento ou medio de proba determinante da procedencia da alta, baixa ou variación de datos solicitada, entre os cales poderá atoparse algún ou algúns dos seguintes documentos:
  - \* Alta no imposto de actividades económicas se exercen unha actividade suxeita ao citado imposto e non teñen embarcación inscrita.
  - \* Copias das licenzas, permisos ou autorizacións administrativos que sexan necesarios para o exercicio de que se trate.
  - \* Certificación da folia de asento de inscrición marítima e rol de despacho ou licenza de pesca.
  - \* Certificación rexistral da titularidade actual da embarcación ou documento que acredite a explotación.
  - \* Copia do documento de constitución do empresario/a colectivo inscrito no rexistro que corresponda (mercantil, cooperativa, sociedades mixtas) no suposto de ser socio dalgunha delas.
  - \* Documento de asociación ou proposta de asociación coa entidade que vaia cubrir as continxencias de AT/EP.